

Editorial

Galego | Español

CASTRO
de Viladonga

Museo Arqueolóxico

Asociación de Amigos

HISTORIA | SITUACIÓN | HORARIOS DE VISITA | CONTACTO



Buscar

OS AMIGOS
O CASTRO
O MUSEO
ACTIVIDADES
PUBLICAÇÕES
BIBLIOTECA
MULTIMEDIA
LIGAZÓNS

Novas

NOVA PÁXINA WEB DO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA. Ofrece, actualizada, toda a información necesaria para a visita ó museo e ó castro, así como sobre as actividades, obradoiros, exposicións, etc que o museo vai programando ó longo do ano. <https://viladonga.xunta.gal> >

SITIO WEB EN REFORMA
Moi logo esperamos ofrecer mellorada esta web da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga. **DESCULPEN AS MOLESTIAS** >

Síguenos en Twitter
Canal Youtube do Castro de Viladonga

Accesibilidade | Aviso legal | Mapa Web
Copyright © 2010 | Castro de Viladonga. Todos os dereitos reservados

CASTRO
de Viladonga

Pasaron dúas décadas desde que o Museo do Castro de Viladonga iniciara a súa presenza en Internet cunha páxina web que foi pioneira entre as das institucións museísticas galegas.

Desde que, en 1989, se constituíra a Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, o seu principal interese foi a difusión e divulgación do museo e do castro e das súas actividades. Dez anos despois, cando empezaba a popularizarse Internet, esta Asociación entendeu que era un medio de gran importancia para o cumprimento dos seus fins de promoción e colaboración co museo. Deste xeito e grazas ó esforzo e ó traballo de dous dos seus membros, Enrique Montenegro Rúa e Teresa Piñeiro Astariz, foi posible a creación da páxina web www.aaviladonga.es, na que se presenta a historia do castro, do museo e da súa Asociación de Amigos, así como se poñen a dispor dos usuarios as publicacións (en especial esta revista Croa) e o material didáctico producido polo museo e se comunican as diferentes actividades desenvoltas ó longo do ano.

O obxectivo era chegar a un público o máis amplo e variado posible a través dos contidos da páxina, pero este público virtual converteuse, en moitos casos, en visitante presencial, xa que o escaparate que supón Internet fixo medrar o número de visitas ó conxunto arqueolóxico chairego.

Aínda que esta páxina, que se atopa actualmente en revisión, segue en activo e cumprindo as funcións para as que foi creada, sendo durante moitos anos a única presenza de Viladonga na Rede, hoxe o museo conta cunha páxina web corporativa propia, financiada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, <https://viladonga.xunta.gal>, que supuxo unha renovación de contidos e a adaptación a novos soportes e tecnoloxías, cun deseño áxil e moderno. Pásase así dunha soa páxina web nos anos finais do século XX e primeiros quince do XXI a dispor na actualidade de tres páxinas web, as dúas mencionadas e a inserida no Portal de Museos da Xunta de Galicia (<http://museos.xunta.gal/gl/viladonga>).



Cando se iniciaron os traballos para a posta en marcha desta nova páxina web, xurdiu a necesidade de dispoñer dunha imaxe corporativa do museo que fixera facilmente recoñecible a Viladonga tanto na web como no resto das producións científicas, divulgativas e didácticas -publicacións, fotografías, folletos- que produce o museo no exercicio das súas funcións, facendo doada a súa identificación visual dentro do panorama cultural.

Nesta liña de mellora da visibilización, encamiñada a acadar un mellor achegamento e accesibilidade do castro e do museo, conseguiuase -aínda que non foi doado, dadas as numerosas e diferentes instancias con competencias na materia- o cambio da sinalización das estradas próximas ó conxunto arqueolóxico (nacional N-640 e provincial LU-1101), coa instalación de novos carteis. Desde a súa colocación medrou apreciablemente o número de visitas, polo que se segue a traballar a prol da renovación dos sinais nas estradas comarcais do entorno e especialmente a súa colocación na autovía A-6, de xeito que este conxunto

patrimonial de Viladonga, lugar de referencia para o estudo da cultura castrexa e galaico-romana, declarado BIC pola Xunta de Galicia, apareza ó mesmo nivel que outros monumentos xa sinalizados.

Dentro deste afán por darlle ó conxunto arqueolóxico de Viladonga maior proxección cultural, o museo participa noutras iniciativas encamiñadas á protección do patrimonio, como son a posta en valor do Camiño Xacobeo do Norte coa denominación de Vía Rexia do Norte e a colaboración na elaboración do Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo (2017-2020) promovido pola Deputación Provincial desta provincia.

